

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS
QUE REXERÁN O “SERVIZO DE
LIMPEZA” DO HOSPITAL VETERINARIO
UNIVERSITARIO ROF CODINA (LUGO)**

Introdución

O presente prego de prescricións técnicas (tamén denominado "Protocolo de limpeza) da Fundación Rof Codina (FRC) ten carácter contractual e constitúe a norma básica de actuación pola cal se deberá rexer a empresa adxudicataria do contrato do servizo de limpeza no Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC).



1.- Normas xerais para o persoal da empresa adxudicataria

1.1.- Os servizos deberán realizarse coa puntualidade, no tempo e métodos asignados e nos horarios establecidos.

1.2.- Deberán rexistrarse todas as entradas e saídas do posto de traballo mediante o sistema de control de presenza da FRC. O incumprimento dos traballos asignados a un traballador ou dos horarios establecidos sen causa xustificada e reiterado en máis de tres ocasións, será motivo suficiente para a substitución inmediata do traballador por parte da empresa adxudicataria.

1.3.- O persoal da empresa adxudicataria deberá ter coñecemento dos sistemas de seguridade existentes no centro, tanto en cuanto a prevención de riscos laborais como no que se refire a incidencias con terceiras persoas, quedando obrigados a avisar sen dilación ao servizo de seguridade que a Universidade de Santiago de Compostela ten establecido no campus lucense no caso de seren necesario (incendio, acceso ás instalacións de persoas non autorizadas, roubos, etc.).

1.4.- O trato entre todo o persoal do centro, así como co público en xeral, deberá ser sempre de respecto e corrección.

1.5.- Ao tratarse dun centro educativo e sanitario, non está permitido fumar en ningunha das dependencias, nin consumir alcohol ou calquera outra substancia con efectos psicotrópicos. O incumprimento desta norma reiterado en máis de dúas ocasións será motivo suficiente para a substitución inmediata do traballador por parte da empresa adxudicataria.

1.6.- O persoal da empresa adxudicataria deberá ir correctamente aseado, uniformado e respectando as normas de protección individual e colectiva establecidas no manual de procedementos da empresa adxudicataria.

1.7.- Nas ocasións nas que se empreguen produtos químicos ou maquinaria, respectaranse as indicacións de utilización establecidas polo fabricante. Ante calquera dúbida deberase consultar co encargado da empresa adxudicataria.

1.8.- O persoal da empresa adxudicataria deberá ter coidado no uso dos elementos e mecanismos situados nas instalacións do centro hospitalario, tales como cisternas, portas, fiestras, persianas, grúas, instalacións eléctricas, etc., quedando prohibida a aplicación de auga en calquera punto que incorpore elementos eléctricos o electrónicos.

1.9.- O persoal da empresa adxudicataria soamente poderá utilizar os produtos subministrados pola propia empresa ou polo HVU-RC cando proceda.

1.10.- Os residuos (papel e cartón, restos orgánicos, residuos asimilables a urbanos, cristais, plásticos, etc.) recolleranse de maneira separada e depositados nos contedores habilitados polo HVU-RC e o servizo de recollida de residuos do Concello de Lugo.

1.11.- A lixivia deberá utilizarse soamente nos servizos (WC) ou para a limpeza ou desinfección dos útiles de traballo e nunca se mesturará cos outros produtos de limpeza, en especial con aqueles que conteñan amoníaco.

1.12.- Como norma xeral é obrigatorio o uso de luvas para todos aqueles procesos que requiran o emprego de produtos químicos.

1.13.- Unha vez terminadas as labores de limpeza, os útiles, máquinas e ferramentas de traballo deberán quedar limpos e recollidos ordenadamente no lugar axeitado.

1.14.- Calquera observación que a dirección do HVU-RC realice en relación ao servizo de limpeza, una vez comunicada por escrito á dirección da empresa adxudicataria, deberá ser atendida á maior brevidade posible, co fin de coordinar os axustes necesarios para a mellora continua do servizo. Para facilitar dita coordinación, o supervisor/encargado da empresa adxudicataria deberá acudir ao HVU-RC para reunirse coa Dirección Xerencia (ou persoa en quen delegue), cunha periodicidade mínima dun mes.

2.- Organización do servizo e clasificación de zonas

O Hospital Veterinario Universitario Rof Codina ten unha superficie de 3000 metros cadrados que se clasifican en función do risco en:

2.1.- Zonas de risco baixo

2.2.- Zonas de risco alto

2.1.- ZONAS DE RISCO BAIXO

2.1.1.- Descrición: considéranse como zonas de risco baixo, aos efectos do presente "Protocolo de limpeza", as zonas do HVU-RC seguintes:

2.1.1.1.- Entradas, vestíbulos, corredores e escaleiras interiores

2.1.1.2.- Oficinas e despachos

2.1.1.3.- Servizos e aseos (WC)

2.1.1.4.- Habitacións de internos

2.1.1.5.- Laboratorios

2.1.1.6.- Cabina do ascensor

2.1.1.7.- Consultas externas

2.1.1.8.- Biblioteca, aula docente e sala de reunións

2.1.1.9.- Salas de diagnóstico por imaxe

2.1.1.10.- Locais de hospitalización e UCI

2.1.1.11.- En xeral, por exclusión, todos aqueles espazos que non estean asignados como TMzonas de risco alto" no plano que figura ao final do presente protocolo.

2.1.2.- Material a utilizar para a prestación dos servizos:

2.1.2.1.- Carro de limpeza con rodas de tipo industrial, composto polo menos, por dous baldes de 25 litros, un deles con escorredor, recolledor de lixo, e bolsas de recollida de tres tipos de residuos con tapa. Disporá de estantes para a reposición de funxibles de limpeza (papel hixiénico, bolsas, etc.) e estará dotado de mopas de 400 gramos como mínimo. O carro deberá poder transitar por zonas con pavimento empedrado.

2.1.2.2.- Alternativamente, deberá existir un carro con rodas específico de recollida múltiple de residuos, composto polo menos por tres bolsas de 100 litros, para a recollida selectiva e separada de residuos (papel e cartón, plásticos e orgánicos). Respecto do vidro, recollerase de forma separada, aínda que debido ao escaso volume de xeración no centro, non requirirá de medios especiais para a súa xestión. O carro deberá poder transitar por zonas con pavimento empedrado.

2.1.2.3.- Máquina rotativa abrillantadora-fregadora, capaz de alcanzar como mínimo 175 revolucións por minuto.



2.1.2.4.- Máquina de aspiración de po e auga cunha potencia de 1200 vatios de aspiración e 10 litros de capacidade como mínimo.

2.1.2.5.- Baldes, fregonas, baetas, gamuzas, mopas, panos e demais material de limpeza.

2.1.2.6.- Deterxentes neutros bactericidas non tóxicos.

2.1.2.7.- Xabóns con bioalcohol e amoniacaís.

2.1.2.8.- Ceras metalizadas autobrilantes.

2.1.2.9.- Desinfectantes con características similares á lixivia.

2.1.2.10.- Produtos con ceras naturais para o mobiliario de madeira e líquidos especiais multiusos para o mobiliario de formica e similar.

2.1.2.11.- Papel hixiénico de dobre capa que se desfaga ao contacto coa auga.

2.1.2.12.- Xabón líquido neutro para a reposición dos dosificadores dos aseos.

2.1.2.13.- Limpa metais que carezan de amoníaco.

2.1.2.14.- Calquera outro material o maquinaria que a tecnoloxía desenvolva para a adecuada limpeza destas zonas comúns definidas como TMde baixo risco".

2.1.3.- Metodoloxía a seguir:

2.1.3.1.- Diariamente:

2.1.3.1.1.- Eliminación de po das superficies elevadas como paramentos, repisas, mamparas, portas, elementos decorativos, mobiliario, etc. con pano húmido, aplicando posteriormente produtos abrillantadores-conservadores axeitados para cada superficie.

2.1.3.1.2.- Baleiraranse e limpanse os contedores de residuos e papeleiras, de forma que se minimice o volume dos residuos que se recollan. Cada tipo de residuo depositarase de forma separada no contedor específico dispoñible no exterior do HVU-RC, utilizando para isto o carro de recollida selectiva. Na zona de administración, a limpeza realizarase ao finalizar cada quenda de traballo (ás 15:00 h e ás 20:00 h).



2.1.3.1.3.- Eliminación de po e desperdicios dos pavimentos de goma pirelli, resina epoxi, terrazo, mármore, saipolán, plaqueta, mosaico, baldosa, etc., nunha primeira fase mediante varrido, cepillado con recolledor, etc., para posteriormente realizar o fregado ou pasar cunha mopa húmida utilizando deterxentes neutros anti-escorregadizo e auto-brilantes.

2.1.3.1.4.- Limpeza das escaleiras, distribuidores, etc., mediante varrido e posterior fregado. Limpeza dos pasamáns e outros soportes con produtos axeitados.

2.1.3.1.5.- Efectuarase unha limpeza e desinfección de todos os teléfonos e interfonos instalados con produtos bactericidas axeitados non tóxicos, así como de teclados, ratos, monitores e utensilios de oficina que se atopen sobre as mesas.

2.1.3.1.6.- Limpeza da cabina e portas do ascensor.

2.1.3.1.7.- Aspirado e limpeza de moquetas, felpudos e alfombras.

2.1.3.1.8.- Nos aseos realizarase unha escrupulosa limpeza de todos os pavimentos, azulexos, baixos de paramentos, elementos sanitarios, etc. con produtos desinfectantes e desodorizantes.

2.1.3.1.9.- Recolleranse as cabichas e outros residuos (papeis, plásticos, feces, etc.) das zonas e corredores exteriores de acceso ao centro hospitalario, con especial atención á entrada principal, acceso á dirección xerencia e ao laboratorio.

2.1.3.2.- Semanalmente:

2.1.3.2.1.- Os pavimentos de madeira e aqueles constituídos a base de linóleo ou mármore encerado, deberán ser fregados unha vez por semana coa metodoloxía apropiada para o tratamento axeitado deste tipo de superficies con preparados de cera mineral, vexetal ou hidrocarburos de tipo medio.

2.1.3.2.2.- Realizarase a limpeza a fondo de portas, armarios e todo tipo de mobiliario con produtos adecuados.

2.1.3.2.3.- Paredes, teitos e outros elementos construtivos que o requiran.

2.1.3.2.4.- Aspiración de mobles tapizados.





2.1.3.2.5.- Cristais, marcos, persianas, cortinas, etc. de portas e xanelas sempre por ambos os dous lados.

2.1.3.3.- Trimestralmente:

2.1.3.3.1.- Encerado de pavimentos constituídos a base de placa pulida (vestibulos, corredores, consultas, laboratorios, etc.) e superficies de tarima flotante de madeira ou similar (biblioteca, xerencia, contabilidade).

2.1.3.3.2.- Cando se estime conveniente, realizarase unha limpeza xeral do mobiliario accesorio: arquivadores, cadros, elementos decorativos, plantas, radiadores, etc., así como de todos os puntos de luz.

2.1.3.3.3.- Desinfección, desparasitación e desinsectación (DDD) das dependencias que proceda, con especial atención ás pragas de pulgas ou uratos que poidan desenvolverse. Para iso, utilizaranse medios e métodos que garantan a inocuidade do tratamento aos animais domésticos, como o emprego de raticidas en trampa ou o peche del local durante el período de tratamento.

En todo caso, atenderase ás instrucións que a Dirección Xerencia do HVU-RC considere oportunas para mellorar a limpeza de aqueles elementos que o requiran.

2.3.- ZONAS DE RISCO ALTO

2.3.1.- Descrición: considéranse como zonas de risco alto, aos efectos do presente protocolo de limpeza, as zonas do HVU-RC seguintes:

2.3.1.1.- Os sete quirófanos e seis ante quirófanos

2.3.1.2.- Corredor de acceso a quirófanos e esterilización (corredor limpo)

2.3.1.3.- Zona de esterilización na que se almacena o material xa esterilizado

2.3.1.4.- En xeral, todos aqueles espazos establecidos no plano que se achega ao presente protocolo como "zonas de risco alto" (sinaladas en cor vermello).

2.3.2.- Material a utilizar nas zonas de risco alto:

En xeral, utilizarase o mesmo tipo de material establecido para as "zonas de risco baixo", pero serán utensilios dedicados exclusivamente á limpeza deste área, extremando as medidas hixiénicas e tendo en conta que calquera actuación deberá realizarse cos produtos de limpeza específicos deste área e a auga recentemente cambiada.

2.3.2.1.- Sistema para a esterilización periódica do material de limpeza utilizado na "zona de risco alto", ben mediante métodos físicos (autoclavado) ou químicos (inmersión en solucións esterilizantes). A empresa adxudicataria deberá levar rexistro dos procesos periódicos de esterilización dos utensilios empregados nesta zona.

2.3.2.2.- Carro de limpeza con rodas de tipo industrial, con material especial para quirófanos, composto polo menos, por dous baldes de 25 litros, un deles con escorredor, recolledor de lixo, bolsas de recolleita de tres tipos de residuos con tapa. Disporá de estantes para a reposición de funxibles de limpeza (bolsas, etc.) e estará dotado de mopas de 400 gramos como mínimo. O carro deberá poder transitar por zonas empedradas.

2.3.2.3.- Alternativamente, poderá existir un carro con rodas específico para recolleita múltiple de residuos, composto polo menos por tres bolsas de 100 litros, para a recolleita selectiva de lixos (papel, plásticos e orgánicos). Respecto ao vidro, recollerase de forma separada, aínda que polo seu escaso volume, non requirirá de medios especiais para a súa xestión. O carro deberá poder transitar por zonas empedradas.

2.3.2.4.- Máquina fregadora e aspiradora automática.

2.3.2.5.- Nebulizador de sustancias bactericidas e virucidas.

2.3.2.6.- Baldes, fregonas, baetas, gamuzas, mopas, panos e demais material propio de limpeza cirúrxica.

2.3.2.7.- Lixivias, deterxentes, xermicidas, etc. en dosificadores diferentes aos utilizados noutras zonas de risco.

2.3.2.8.- Xabón líquido xermicida (tipo Hibiscrub®) para reposición de dosificadores en ante quirófanos.

2.3.2.9.- Calquera outro material ou maquinaria que a tecnoloxía desenvolva para a adecuada limpeza, desinfección, desparasitación e desinsectación das "zonas de risco alto" definidas no presente protocolo e aquelas que a FRC considere conveniente utilizar.

2.3.3.- Metodoloxía a seguir:

2.3.3.1.- Diariamente:



2.3.3.1.1.- O persoal asignado pola empresa adxudicataria deberá respectar e facer respectar as normas establecidas polo centro en canto a control de accesos, vestiario, xestión de material e medios e hixiene propias dunha zona cirúrxica.

2.3.3.1.2.- Manteranse as zonas cirúrxicas de uso habitual (dous ou tres quirófanos como mínimo) permanentemente dispoñibles, facendo un servizo de limpeza matinal de superficies horizontais e de mobiliario cirúrxico, cunha solución xermicida e os servizos de limpeza necesarios polas tardes.

2.3.3.1.3.- Logo de cada intervención cirúrxica recolleranse con varrido seco e/ou húmido os residuos que aparezan e realizarase unha limpeza destas salas para evitar a progresión microbiolóxica nas mesmas.

2.3.3.1.4.- Limparase o mobiliario con panos humedecidos en solución desinfectante.

2.3.3.1.5.- Os residuos orgánicos e cadáveres serán depositados en bolsas adecuadas ao efecto do seu traslado á incineradora do campus lucense.

2.3.3.2.- Semanalmente:

2.3.3.2.1.- Limparanse paredes e teitos e outros elementos construtivos que o requiran.

2.3.3.2.2.- Realizarase limpeza a fondo de portas, armarios e todo tipo de mobiliario con produtos adecuados para zonas cirúrxicas.

2.3.3.2.3.- Cristais, marcos, persianas, cortinas, etc. de portas e fiestras sempre por ambos lados.

2.3.3.2.4.- Resto do mobiliario.

2.3.3.2.5.- Tratamento xermicida dos quirófanos e locais que o precisen en función da casuística clínica do HVU-RC. Empregarase o axente xermicida prescrito polo persoal facultativo do hospital aplicado co nebulizador de sustancias bactericidas e virucidas.

2.3.3.2.6.- Co fin de evitar a propagación de xermes, os utensilios, equipos, produtos e materiais a utilizar nestas zonas serano de uso exclusivo nas mesmas e serán sometidos con periodicidade semanal a un proceso de esterilización química ou física.

2.3.3.3.- Trimestralmente:



2.3.3.3.1.- Fregado xeral de chans de goma (verde) con máquina de limpeza rotativa e posterior aspirado e secado.

2.1.3.3.3.- Desinfección, desparasitación e desinsectación (DDD) das dependencias que proceda en función de momentos críticos, con especial atención ás pragas de pulgas ou ratos que poidan desenvolverse. Para iso, utilizaranse medios e métodos que garantan a inocuidade do tratamento aos animais domésticos, como o emprego de raticidas en trampa ou o illamento do local durante o período de tratamento.

En todo caso, atenderase ás instrucións que a Dirección Xerencia do HVU-RC considere oportunas para mellorar a limpeza daqueles elementos que así o requiran.



3.- Normas específicas

3.1.- Fins de semana e festivos

No centro atópanse aloxados animais en réxime de hospitalización o que obriga a un estrito cumprimento das condicións hixiénicas para garantir o seu benestar e a mellora no estado sanitario. Por este motivo, en determinadas situacións concretas (gastroenterites, sangrados, etc.) a empresa adxudicataria deberá realizar servizos puntuais seguindo o seguinte protocolo:

3.1.1.- Limpeza mecánica das gaiolas anexas aos cubículos e espazos ocupados por estes pacientes especiais.

3.1.2.- Limpeza mecánica do resto dos chans afectados polas feces líquidas, sangrados, vómitos, etc.

3.1.3.- Limpeza dos elementos de uso cotián, así como os propios utensilios de limpeza.

3.2.- Eliminación de residuos

Seguiranse estritamente as instrucións establecidas neste protocolo en canto á súa recolleita selectiva, traslado, almacenamento eventual e posterior eliminación aos lugares e contedores establecidos. En todo caso, será por conta da empresa adxudicataria do servizo a recolleita diaria e o seu traslado aos lugares establecidos no presente protocolo.

3.3.- Lavandería

3.3.1.1.- Lavandería externa: o HVU-RC ten externalizado o servizo de lavandería. De forma habitual, entregaráselle ao servizo de recollida da lavandería externa a vestimenta laboral que requira lavado todos os luns, mércores e venres pola mañá, colocando a roupa que vén lavada nos estantes correspondentes. O persoal de limpeza da "zona de risco alto" será responsable de velar polo bo uso deste material téxtil, informando á Xerencia do HVU-RC sobre as incidencias que poidan rexistrarse respecto diso.

3.3.1.2.- Lavandería interna: para liquidar a escaseza de certos elementos téxtiles necesarios para o mantemento dos servizos hospitalarios (panos de campo estériles, batas cirúrxicas, pixamas, etc.), tamén se dispón dunha lavandería interna que permite a reposición destes elementos cando escasean. Para iso, o persoal asignado á "zona de risco alto", procederá ao enchido das dúas lavadoras e secadoras dispoñibles cando sexa necesario e colocaraa de forma similar á que vén lavada da lavandería externa.

3.3.1.3.- E aqueloutras funcións que puntualmente poidan xurdir, sempre ~~que non~~ representen cargas de traballo permanentes.

4.- Organización do servizo: horarios e quendas de traballo

4.1.- A empresa adxudicataria prestará servizos ordinarios equivalentes a 120 horas (40 h por tres traballadores/as) de luns a venres de 7:30 a 21:00 h e os sábados unha xornada dunha persoa.

4.2.- A empresa adxudicataria deberá adscribir como mínimo 3 persoas a xornada completa para atender os servizos contratados, aínda que pode atender estes servizos cun maior número de persoas se o considera conveniente.

4.3.- A empresa designará unha persoa encargada da supervisión do persoal adscrito ao servizo que se encargará de velar polo cumprimento das tarefas, realizando polo menos unha visita semanal as instalacións do Centro.



ANEXO AO PROTOCOLO DE LIMPEZA

Zona de risco ALTO (marcada en cor vermello)

